

# *Caderno de actividades*

*Conñecendo a Cesarín...*

*Nome:* \_\_\_\_\_ *Idade:* \_\_\_\_\_

*Centro educativo:* \_\_\_\_\_



**ASOPORCEL**  
ASOCIACIÓN DE CRIADORES  
DA RAZA PORCINA CELTA

Pazo de Ferias e Congresos de Lugo  
Avenida dos Deportes, s/n  
27004 LUGO (LUGO)

Teléfono de contacto: 982 226 252

Email: [asoporcel@asoporcel.es](mailto:asoporcel@asoporcel.es)

WEB: [www.asoporcel.es](http://www.asoporcel.es)

 **ASOPORCEL**  
ASOCIACIÓN DE CRIADORES  
DA RAZA PORCINA CELTA



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Fondo Europeo Agrícola  
de Desenvolvemento Rural:  
Europa inviste no rural

## Coñecendo a Cesarín...


Ola, chámome Cesarín e son un Porquiño Celta da familia Carballina. Teño a cabeza moi voluminosa e as orellas grandes, e caénme por riba dos meus olliños pequenos. Polo de agora aínda estou medrando, pero seguro que chegarei a ser tan grandullón coma meu pai Cesáreo, que pesa máis de 300 kilogramos.

Teño dous curmáns e pódese diferenciar pola pel: a miña ten manchas negras, os da familia Santiaguesa téñena rosada e cuberta por sedas longas e fortes, e os da familia Barcina téñena pintada de lunares de cor lousenta.

O que máis nos gusta aos tres é correr pola natureza e comer landras, castañas e gromos vexetais dos nosos bosques galegos.

O meu papá contoume que a Raza Porco Celta era a máis importante de Galicia ata comezos do século XX. Nesa data comenzaron a chegar ao noso territorio outras razas que medran moito máis rápido ca nosa e ese foi o motivo polo que a nosa familia foi diminuíndo, ata que no ano 1999 as nosas amigas e amigos de ASOPORCEL decidiron botarnos unha man.

### Variedades de Porco Celta




\* Rodea a variedade á que pertence Cesarín




Cesáreo é o pai de Cesarín, nesta foto aparece xunto co seu coidador, Saul Rouco

## Como ímaxinas que Cesarín axuda a coidar os nosos montes?




\* Fai un debuxo de como vive Cesarín.


**Qué come Cesarín?**




**PATACAS**



**LANDRAS**




**CASTAÑAS**



**MILLO**



**CABAZAS**



**MAZAS**



\* Identifíca os alimentos de Cesarín e conta cuntos hay de cada un deles.

**Sopa de letras.**

E	D	M	I	L	L	O	E	V	N
R	C	A	B	A	Z	A	S	T	K
T	G	M	D	S	A	C	L	U	I
Y	C	A	S	T	A	Ñ	A	S	U
H	A	Z	F	G	H	D	N	V	T
J	D	A	U	I	L	R	D	C	R
K	R	S	L	E	B	F	R	H	B
L	L	P	A	T	A	C	A	S	N
N	L	J	I	O	A	D	S	U	H
B	V	C	H	G	F	A	W	E	R

\* Atopa os produtos agochados nas letras.

**Sudoku**




\* Axuda a Cesarín a colocar a súa comida favorita (landras, castañas e gromos vexetais).

## Cesarín axuda a protexer os nosos montes.

Os nosos amigos de ASOPORCEL axudan a protexer os nosos montes a traves do silvo-pastoreo, grazas ó traballo dos Porcos Celtas.


Cesarín e a súa familia viven no monte galego alimentándose dos froitos (landras, castañas ou gromos vexetais) que van atopando. Deste xeito consegue unha limpeza de amplas zonas do monte, quedando as árbores protexidas do lume.

## Atopa as sete diferencias.



\* Atopa as diferencias das duas esceas do monte onde Cesarín vive coa súa familia.

## A comida de Cesarín.



\* Axúdalle a Cesarín a atopar o camiño que o leva a súa comida favorita.